

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DE OURENSE  
CURSO: 6º GP  
MATERIA: ITINERARIO DE MUSICOLOXÍA  
DEPARTAMENTO: COMPOSICIÓN  
DATA: 12-V-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Criterios de avaliación .....	2
2. Avaliación e cualificación .....	5
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	6
4. Información e publicidade .....	7

## 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**Competencia básica 1:** Expresar de xeito correcto contidos de carácter musicolóxico.

**Competencia básica 2:** Desenvolver un proxecto de investigación inédito.

**Competencia básica 3:** Valorar de forma crítica o papel da música na sociedade ao longo da historia ata a actualidade en diferentes xeografías.

Competencias básicas	Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados
<b>1º trimestre</b>		
<b>Competencia básica 1:</b> Expresar de xeito correcto contidos de carácter musicolóxico	Definir por medio dun léxico apropiado as particularidades metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, as características básicas de cada música estudada, así como dos conceptos básicos da musicoloxía, e referirse a elas de forma correcta.	Define con coherencia cuestións relacionadas cos estilos musicais e os compositores da Historia da Música.  Expresa con coherencia aspectos básicos da musicoloxía, en especial en relación coa súa definición e elementos constitutivos.
	Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais propias da materia a través da historia da musicoloxía, establecendo a relación co método científico aplicado á investigación musical xerado nesta disciplina.	Establece relacións globais entre as disciplinas asociadas inseparablemente ao estudo científico da música, tales como a historia, a socioloxía, a antropoloxía ou etnografía.
		Entende os criterios empregados na musicoloxía dende os seus inicios ata os nosos días.
<b>Competencia básica 2:</b> Desenvolver un proxecto de investigación inédito.	Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas.	Propón e realiza o proxecto dun traballo individual auténtico e ben planificado.
		Demostra o coñecemento das metodoloxías habituais da disciplina, así como as súas técnicas (presentación do material documental en traballos científicos, manexo da

		documentación, arquivos, elaboración de citas...).
		Aplica das técnicas de investigación aprendidas.
		Formula hipótese, obxectivos e estado da cuestión dun proxecto de investigación inédito
<b>2º trimestre</b>		
<b>Competencia básica 3:</b> Valorar de forma crítica o papel da música na sociedade ao longo da historia ata a actualidade en diferentes xeografías.	Identificar o papel desempeñado pola música de forma cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como á súa propia formación e benestar persoal.	Detecta a presenza da música na sociedade.
		Coñece a existencia e interconexión entre a música académica e a popular.
		Recoñece o papel da música galega, tanto ao longo da historia da música coma noutros ámbitos.
<b>Competencia básica 2:</b> Desenvolver un proxecto de investigación inédito.	Identificar e coñecer os diferentes tipos de fontes de información que contribúen ao coñecemento da música na comunidade científica.	Asimila a variedade de metodoloxías e de fontes de información para traballos de investigación diversos.
		Realizar un traballo de investigación documentado e realizado cunha metodoloxía científica sistemática.
	Coñece e analiza as fontes de información para o seu traballo de investigación (fontes primarias e secundarias, incluída a bibliografía)	
	Describe as peculiaridades das fontes de información para o seu traballo de investigación.	
		Organiza os materiais bibliográficos e as fontes empregadas para realizar un traballo de investigación inédito.
		Planifica a realización e redacción dun traballo de investigación inédito.

**3º trimestre**

<b>Competencia básica 2:</b> Desenvolver un proxecto de investigación inédito.	Realizar e presentar de xeito académico un traballo inédito sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas.	Estrutura e organiza de xeito correcto a exposición dun traballo de investigación inédito.
		Analiza de xeito coherente e creativo a temática seleccionada.
		Redacta un texto coherente, fundamentado no terreo metodolóxico e que contribúe a xerar coñecemento.
		Reflexiona e extrae conclusións derivadas dun estudo científico de temática musicolóxica.

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Os aplicados no 1º e 2º trimestre:</u> Os instrumentos de avaliación para a materia de Musicoloxía baseáronse na observación directa, nos traballos escritos e orais específicos, todo anotado con detalle no caderno do alumno ou alumna, a través da avaliación inicial, formativa e final, segundo se especifica na programación da materia publicada a comezos de curso.</li> <li>• <u>Os aplicados para o 3º trimestre:</u> Centraranse nunha avaliación formativa e diagnóstica, de carácter parcial e procesual. A avaliación formativa implica o seguimento dos avances nas tarefas asignadas ao alumnado desde o comezo de curso, que consiste nun traballo de investigación inédito, individual ou en grupo, de temática musical libre.</li> </ul> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Os aplicados para o 1º e 2º trimestre</u> son os especificados na programación de comezos do curso 2019-20, que inclúen: observación sistemática da asistencia activa e produtiva nas sesións presenciais (20% da nota); análise das producións escritas e orais dos alumnos (40% da nota), análise do traballo de investigación inédito anual, con entregas trimestrais (40% da nota).</li> <li>• <u>Os aplicados para o 3º trimestre</u> estarán relacionados especificamente coa observación do proceso de realización do traballo de investigación e a análise da entrega por escrito deste.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Dadas as circunstancias derivadas do estado de alarma e do confinamento a raíz da pandemia do COVID-19, a avaliación final terá en conta as cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación, así como o resultado final do traballo inédito titorizado durante os últimos meses. Con carácter xeral, o alumnado terá a cualificación que resulte das medias entre a 1ª e 2ª avaliación, podendo a nota da 3ª contribuír a subir a cualificación final.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>No mes de setembro porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia realizando unha proba escrita e/ou oral sobre a totalidade dos contidos, ademais de entregar o traballo de investigación inédito anual, descrito e detallado na programación do curso.</p>

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Elaboración dun traballo de investigación inédito de temática libre, en grupo ou individualmente, que reforce os contidos presentados no 1º e 2º trimestre. As pautas para a realización do traballo (obxectivos, metodoloxía e estrutura) xa estaban expostas previamente ao estado de alarma iniciado en marzo. A actividade será titorizada e guiada pola docente.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía empregada é individualizada e de atención continuada, co fin de repasar e reforzar algúns aspectos que melloren o resultado final do traballo de investigación.</p> <p>Tras un primeiro contacto vía mail, tódolos alumnos da materia aseguraron dispoñer de conectividade á rede, polo que se estableceu un sistema de seguimento baseado no intercambio de correos electrónicos e na realización de sesións a través de <i>Skype</i> para a resolución de dúbidas e a exposición dos avances do traballo.</p> <p>Cada día de sesión non presencial (xoves, de 20 a 21 horas) envíase un correo electrónico ao alumnado para coñecer o grao de avance no traballo e as tarefas pendentes. Ante as respostas obtidas, solicitudes e preguntas concretas elabóranse materiais de reforzo adicional e corríxense a xeito individual aspectos non asimilados de xeito coherente.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Blogue: <a href="http://auladehistoriadamusica.blogspot.com">auladehistoriadamusica.blogspot.com</a></li> <li>- Apuntes, facilitados a través de correo electrónico en formato PDF.</li> <li>- Bibliografía variada, por exemplo: RODRÍGUEZ SUSO, Carmen. <i>Prontuario de musicología. Música, sonido, sociedad</i>. Barcelona: Clivis, 2002.</li> <li>- Recursos audiovisuais diversos.</li> <li>- Formularios e cuestionarios de Google.</li> </ul>

#### 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4. Información e publicidade	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Centros.Net, páxina web do centro ( <a href="http://conservatoriourense.org">conservatoriourense.org</a> ), blogue da aula de Historia da Música ( <a href="http://auladehistoriadamusica.blogspot.com">auladehistoriadamusica.blogspot.com</a> ) e correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.